

UN PETROGLIFO DE TIPO OUTEIRO DO CORNO EN PORTO DO SON (A CORUÑA)

Por R. FÁBREGAS VALCARCE¹, J. GUITIÁN CASTROMIL², J. GUITIÁN RIVERA³ e C. RODRÍGUEZ RELLÁN⁴

Tú sufres porque no sabes como parar el tiempo
(Melendi: Con solo una sonrisa)

Abstract: We introduce here the first reference of an apse-like figure recently discovered in the SW area of the Barbanza peninsula (Galicia, Spain). This is an extremely rare motif that has clear links to a group of painted or carved images extended along the North of Spain and that very often (as it is indeed the case with the only Galician parallel, that of Outeiro do Corno) are associated with metal weapons (daggers or halberd).

Key words: petroglyph, Peña Tú, schematic art.

INTRODUCCIÓN

Tense subliñado por autores moi diversos e de forma moi acaída a forte personalidade que posúe a arte rupestre galaica, malia o recoñecemento de xeito más ou menos explícito de certas coincidencias temáticas (nomeadamente, os motivos circulares) con outras áreas da fachada atlántica europea. A descuberta hai ben pouco dunha inscultura en Outeiro do Corno (Teo. A Coruña), (Fábregas et alii 2004), serviu para replantexar a existencia de conexións no eido iconográfico (outra cousa sería o seu contido ideacional) cun grupo de representacións gravadas ou pintadas espallado polo NW peninsular. Aquel achado, con poucas referencias nidiñas no territorio galego, adquire nova actualidade coa localización

¹ Universidade de Santiago de Compostela. Dto. de Historia I.

² Seccións de Arquitectura e Artes Plásticas. Consello da Cultura Galega.

³ Universidade de Santiago de Compostela. Facultade de Química.

⁴ Universidade de Santiago de Compostela. Dto. de Historia I.

na comarca do Barbanza (Fig. 1) dunha pequena laxe que amosa unha imaxe que outra volta nos remite a esa categoría icónica.



FIGURA 1: Situación do Concello de Porto do Son e da Comarca do Barbanza.

Desde mediados da década dos noventa do pasado século a vertente norte da Serra do Barbanza ven poñéndose de manifesto como un área de especial interese pola cantidade e a importancia dos achados arqueolóxicos que nese territorio se teñen feito. Así, co ilustre antecedente da xeración Nós (Bouza e Cuevillas, 1927-1928), desde o catálogo publicado por Xerardo Agrafoxo no ano 1986 (Agrafoxo, 1986), pasou case unha década sen novedades ata que aparecen os traballos de Concheiro e Gil (1995), que supoñen unha sorte de punto de partida

para a renovación dos coñecementos sobre o potencial arqueolóxico da zona. Respecto á arte rupestre, e co precedente dos traballos sinalados, é no ano 2000 cando Manuel Mariño publica o primeiro catálogo dedicado con carácter monográfico ós conxuntos daquela coñecidos no concello do Son.

A partires desa data aparecen outros traballos (Gutián e Gutián, 2001) que dan a coñecer un número moi importante de novas estacións e que mudan, en apenas cinco anos, a percepción que sobre este territorio e a súa importancia no contexto galego se tiña ata ese momento.

Desde o ano 2002, ao abeiro dun proxecto de investigación⁵ e tomando como base o estado da cuestión dado a coñecer en 2001 por Gutián e Gutián, o G.E.P.N. da Universidade de Santiago de Compostela ven desenvolvendo unha catalogación e revisión da arte rupestre ao aire libre no concello de Porto do Son. Neste traballo temos contado non só coa axuda e experiencia de arqueólogos (incluíndo algunha eventual achega da autoría de A. de la Peña e a colaboración de D. Gil) e especialistas en paleoambiente (A. Martínez Cortizas) senon tamén o saber de historiadores da Arte (os devanditos J. e J. Gutián), afeccionados e historiadores locais, como o xa aludido M. Mariño e J. Costas. Semellante interacción cremos sinceiramente que está detrás do gran suceso deste proxecto, manifestado en termos cuantitativos na multiplicación das estacións rexistradas, pero tamén cualitativos, ao detectaren novos tipos de representacións e documentar mediante calcos numerosas estacións (preto das 40), entre elas a que é obxecto desta breve nota.

Toda esta serie de traballos no territorio sonense debe encadrarse nun conxunto máis amplio de achados realizados fundamentalmente na Península do Barbanza, pero en xeral tamén en todo o suroeste da provincia de A Coruña ó longo dos últimos anos e que está a modificar a nosa percepción do fenómeno rupestre no territorio galego. Malia o anteriormente exposto unha parte moi significativa destas novas estacións aparece concentrada no territorio das parroquias de Caamaño e Queiruga, esvaecéndose a densidade segundo se avanza cara ó norte (parroquia de Baroña), cara ó sur (parroquias de Xuño e Muro) ou cara ó territorio dos concellos límitrofes e convertíndoas nun núcleo de arte rupestre de especial relevancia na metade septentrional de Galicia,

Podemos falar, xa que logo, dunha área de especial densidade no que a arte rupestre se refire, que aparecería situada no sector central do concello sonense e que semella estenderse, esvaecéndose progresivamente segundo aumenta a distancia desde este núcleo central, tanto cara o sur como cara o territorio boirense. É precisamente ese sector suroeste da Península do Barbanza o que ata agora menos conxuntos tiña catalogados e o que parecía ter unha menor riqueza,

⁵ *Ocupación do Espacio e Modificación do Entorno na Península do Barbanza durante a Prehistoria Recente, os petroglifos de Porto do Son*, financiado polo Ministerio de Ciencia y Tecnología e más cos incentivos por parte da Consellería de Innovación, Industria e Comercio (Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento).

tanto no número de achados como na complexidade dos mesmos, de toda a comarca. Malia o anteriormente exposto, unha serie de achados recentes (algúns deles ainda inéditos), unidos a estacións clásicas xa coñecidas neste sector, como a ribeirense Pedra das Cabras de Figueirido (Peña e Vázquez, 1979, Foto 20) ou o gravado dunha combinación circular sobre unha rocha exenta aparecido hai uns anos xunto á lagoa de San Pedro de Muro (Fig. 2)⁶ fan que, unha vez máis, teñamos que manexar os datos con prudencia e postular a súa provisionalidade á espera de que novos estudos permitan, nun futuro próximo, confirmar unha maior riqueza arqueolóxica, e nomeadamente no relativo á arte rupestre deste sector terminal da península do Barbanza.




FIGURA 2: Fotografía do Petroglifo da Lagoa de San Pedro de Muro.

⁶ Trátase este dun bloque granítico exento de pequenas dimensións no que aparece insculturada unha combinación circular formada por dous aneis, de 11 e 17 cm. de diámetro respectivamente, e unha posible coviña central moi erosionada ou modificada a posteriori, ademáis de algúns outros trazos de difícil lectura. Actualmente, consérvase no Centro de Interpretación do Castro de Baroña, en Porto do Son.

Neste sentido, coñécense unha serie de evidencias arqueolóxicas localizadas nas inmediacións que poden axudar a contextualizar o presente achado. Referímonos, en primeiro lugar, o devandito petroglifo da Lagoa de San Pedro de Muro localizado hai uns cinco anos a tan só uns 600 metros ó norte-norleste do conxunto que estamos a describir. Non é este o único petroglifo existente nas proximidades dado que se ten documentado outra estación con tres coviñas de entre cinco e seis centímetros de diámetro situadas nun afloramento rochoso moi deteriorado pola acción extractiva dos canteiros e situado nas inmediacións da actual escola da aldea de Seráns a uns 1.100 metros cara o sur da nosa estación (e a uns 80 m.s.n.m). Por outra banda, debemos destacar a presencia, uns 1.300 m. ó surleste, da mámoa do Outeiro Gordo, un túmulo que na actualidade presenta unhas dimensións de 13.70 x 16.90 e unha altura de 1.70 m e que se ubica nunha pequena penichaira situada sobre a aldea de Basoñas.

Así pois, a inscultura localizada preto da aldea de Basoñas sobre a que de seguido imos tratar posúe un gran interés, pois nela atopamos unha figuración extremadamente rara e con interesantes connotacións interpretativas pero, asemade, trátase dun gravado pouco habitual, ao se atopar tan preto da actual liña costeira e a unha altitude absoluta inhabitualmente baixa.

A ROCHA E O SEU CONTORNO

No sector sur-suroeste da Península do Barbanza a serra perde altitude, cunha última cota de relevancia nos montes de Os Forcados (618 m.) e da Curota (453 m.) a partires da cal a altitude disminue ata chegar ó monte de San Alberto, estribación meridional da serra. Arredor destes montes, de importancia relativa, aparece unha orla de territorio que na área que nos ocupa⁷ pode ter unha profundidade de entre 1,5 e 3 Km e que aparece formada por terras baixas, dedicadas tradicionalmente ó cultivo, e unha franxa de amplitud variable de complexos dunares, terreos areosos de escasa productividade e humedais de certa entidade como as lagoas de Carregal e Vixán (Ribeira), ou as de Muro, de Xuño e a desembocadura do río Sieira, en Porto do Son.

É nesta franxa de terras baixas, especialmente nas zonas cultivables ó pé das primeiras estribacións da pre-serra, onde se atopan os principais núcleos de poboación tradicionais e, xa que logo, por onde veñen discurrindo tradicionalmente as principais vías de comunicación. E é tamén neste sector do territorio, ou más concretamente, nas primeiras ladeiras que se erguen sobre os mesmos, a altitudes que pueden oscilar entre os 50 e os 200 metros onde, con carácter xeral, se atopan a meirande parte dos conxuntos de gravados que se coñecen na comarca.

⁷ Falamos do sector suroccidental da Península do Barbanza, formado polas parroquias ribeirenses de Artes, Oleiros, Olveira e Corrubedo e as sonenses de Muro e Xuño.

Malia o anteriormente exposto existe unha serie de estacións que se alonxan destes parámetros e que aparecen en zonas más baixas, normalmente, áínda que non sempre, en pequenos outeiros illados no medio dos campos de cultivo. Tal é o caso da Pedra das Cabras de Figueirido (Ribeira), que conta cunha ubicación un tanto anómala que ten provocado diversas hipóteses interpretativas, ou do mencionado gravado da lagoa de Muro, áínda que neste caso o seu carácter exento obriga a gardar precaucións respecto do seu emprazamento orixinal preciso. Neste mesmo grupo cabería incluír tamén os gravados con zoomorfos localizados en Queiruga, ós que facíamos alusión nunha publicación anterior (Costas et alii, 2006) e que permanecen inéditos, as varias combinacións circulares nunha pedra exenta preto dos anteriores (Mariño, 2000) ou os supostos podomorfos da Pedrafurada (Queiruga, Porto do Son).

En calquera caso, o conxunto que nos ocupa nesta ocasión aparece nunha ubicación estraña e dentro dunha zona na que, cando menos cos datos que coñecemos na actualidade, non existe un grupo importante de estacións. É certo que os cambios na liña da costa e das terras baixas co paso dos séculos poden estar a alterar a nosa percepción do lugar e dos parámetros espaciais que xustifican a localización deste conxunto. Observacións e estudos noutras áreas do Barbanza, como a lagoa de Carregal (Ribeira), a Praia Ladeira (Boiro) ou a Punta Pericos (Ribeira) apuntan a modificacións sensibles do contorno litoral, afectando á propia configuración deste e dos complexos dunares e marismeños (Vilas et alii 1991; Fábregas e Ruiz Gálvez 1997; Fábregas 2001). Tampouco podemos deixar de ter en conta o movemento dos complexos dunares e areais, de gran estensión nesta zona, ademáis de outros fenómenos xeolóxicos, que sen dúbida teñen alterado substancialmente a paisaxe na que se inscribe este conxunto desde o momento no que foi gravado. É preciso avaliar, igualmente, a importantísima acción erosiva do vento, especialmente en zonas tan próximas á beiramar, nas que a presenza de elementos en suspensión, especialmente aréa, auga de mar e sales, funcionan como axentes agresivos de primeira magnitude, o que explica o péssimo estado de conservación deste conxunto e puido provocar a perda de outros antes de que puidesen ser documentados e catalogados.

Os gravados se atopan nun pequeno afloramento rochoso, con coordenadas UTM 496.335 e 4.718.967, situado lixeiramente ó noroeste da aldea de Basoñas, a uns 750 metros da mesma, entre ésta e a liña da costa. A pedra aparece inmediatamente á dereita da pista sen asfaltar que desde a estrada comarcal Xuño-Corrubedo baixa cara a costa uns 200 metros ó norte da punta da Pena Celta (Fig.3).

Nunha escala de detalle o petroglifo, malia a sua baixa altitude (algo menos de 15 m.s.n.m.), se empraza nun punto relativamente sobranceiro no seu contorno inmediato, ao situarse no remate dunha estribación que en dirección NNW descende dende o monte Pedreira e a aldea de Basoñas. A pesares de desaparecer da nosa vista apenas camiñados 20 m., o gravado domina dende a sua posición un área húmeda onde desemboca un rego que discorre pola sua




FIGURA 3: Mapa de situación do Petroglifo de Basoñas.

esquerda, mentres pola dereita se dispón unha valgada menos pronunciada. Non se contempla, malia todo, o accidente xeográfico máis notable das inmediacións, a lagoa de Muro. Lembremos, en todo caso, que a paisaxe que hoxe ollamos dende o petroglifo está fortemente alterada tanto pola acción humana (explotación forestal e labradíos) como, presumiblemente, polas mudanzas que afectaron aos procesos de deposición tanto de materiais continentais como mariños e as posibles oscilacións da liña costeira.

A rocha na que se ubican os gravados ten dimensións medias ($3'20 \times 2'80$ m.) e presenta un buzamento non moi pronunciado cara o NO (Fig.4). Faise patente, a primeira vista, o avanzado estado de alteración da superficie, debido principalmente a procesos antrópicos entre os que sobrancean os labores de extracción para a canteiría que afectan especialmente ó sector Norte e Este, rompendo unha parte considerable do afloramento. Asimismo, o feito de que a rocha se atope compartimentada por unha manchea de fendas e descamados, evidencia que a mesma foi sometida a fortes procesos de erosión tanto antes como despois da gravura dos motivos.



FIGURA 4: Aspecto xeral da rocha coas gravuras.

Na parte Oeste da rocha, nunha posición lixeiramente inferior, e conformatado por uns sucos de 3 cm. de ancho e 0,60 cm. de profundidade media se pode observar un motivo de forma xeral absidada de 42 cm. de lonxitude e 30,5 cm. de anchura (Fig. 5). Éste aparece dividido internamente por un total de seis sucos horizontais, perpendiculares ó eixo lonxitudinal do motivo, dos cales só se conservan íntegros o primeiro e o quinto mentres que os intermedios se ven interrumpidos na súa parte central por mor de varios desconchados que afectan a unha franxa moi concreta da rocha, debidos quizais a unha maior debilidade do granito nesta zona. A parte baixa do motivo atópase alterada por outro desconchado e unha profunda diaclasa que interrumpen a progresión dos sucos. Unha fractura que tivo como orixe a devandita diaclasa impide levar a cabo a definición do último dos sucos do interior do motivo o cal, a diferencia dos demáis, se dispón de xeito oblicuo con respecto ó eixo lonxitudinal do motivo. De tódolos xeitos, non sería desatinado plantexar o reproaveitamento da diaclasa como remate inferior da figura, do mesmo xeito que se ten documentado noutros gravados da comarca barbanzana, como o do gran zoomorfo de Campogrande.

Xunto á figura principal poden apreciarse varios sucos, entre os que cumple destacar un trazo en forma de arco a pouca distancia da parte superior daquela, así como dous trazos, paralelos entre sí, que arrancan uns centímetros á dereita do motivo que nos interesa aquí; éstes, situados á altura do segundo e terceiro

Un petroglifo de tipo Outeiro do Corno...




FIGURA 5: Calco do Petroglifo de Basoñas.

sucos internos, puideron ter sido gravados aproveitando a existencia de dúas diaclasas. Identificamos, igualmente, unha coviña moi erosionada e só o forte desgaste que amosa a superficie da rocha nos impide asegurar a existencia dalgúnha máis.

Como vimos de dicir, a lectura e interpretación da estación se atopan fortemente condicionadas polo estado de alteración da pedra, a cal ten sufrido fortes procesos de erosión (incrementados sen dúbida pola súa cercanía ó mar) e de desconchado que eliminaron partes concretas do motivo absidado; neste sentido, resulta moi difícil determinar o carácter antrópico dunhas pequenas concavidades que parecen existir no espacio semicircular existente entre o remate arciforme que conforma a parte superior da figura e o primeiro dos sucos interiores. A existencia das mesmas e a súa situación serían consecuentes co observado en representacións semellantes, nas que se aprecia un número variable de coviñas no segmento superior. Lamentablemente e malia unha atenta observación da zona, a presencia de senllas diaclasas non permite asegurar a ciencia certa a existencia dos ditos motivos. Estas mesmas circunstancias impiden, á súa vez, concretar se os sucos existentes nas inmediacións do motivo principal formaron parte orixinalmente de algunha figura concreta e se a coviña identificada é, como xa indicabamos máis arriba, a única de todo o panel.

ANÁLISE

Hai pouco tempo (Fábregas et alii 2004) dabamos a coñecer a aparición preto de Santiago, no lugar de Outeiro do Corno (Teo), dunha figura cadrangular, asociada a un puñal (Fig. 6), que de contado e polas suas características formais vinculamos ao grupo de figuras de tipo Peña Tú, espallado polas provincias de Asturias, León e Cantabria (Fig. 7). Aquel achado, entón excepcional, vese acompañado hoxe dunha representación como a de Basoñas, a cal presenta claras concomitancias formais con esa caste de representacións: a proporción lonxitude-anchura, o remate arqueado na parte superior e o corpo segmentado transversalmente. Afástase, non embargantes, das más características figuracións deste grupo (e do seu único paralelo galego) pola falla (¿real ou inducida polos procesos postdepositionais?) de asociación con armamento metálico, aspecto no que sí concorda cos gravados de Hoyo de la Gándara (Cantabria) e un dos que se coñecen no Collado de Sejos (Cantabria).

Ainda que a morfoloxía da figura de Basoñas se achega, mesmo de maneira máis nida que o seu paralelo de Outeiro do Corno, ao modelo Peña Tú, coñecemos dentro do mundo da arte rupestre galaica certos deseños que nos lembran ao que vimos estudiando e que poden levarnos a sospeitar que nos atopamos diante dun tipo de imaxe máis espallado do que pode semellar. Velaí o caso do motivo adosado a un gran conxunto axedrezado na parede vertical do petroglifo de Agro das Calzadas en Buriz, Lugo (Peña e Rey 2001: 209) ou o de

Un petroglifo de tipo Outeiro do Corno...




FIGURA 6: Calco do Petroglifo de Outeiro do Corno (Teo).




FIGURA 7: Peña Tú (Asturias), Sejos II (Cantabria), Monte da Laje (Viana do Castelo), Hoyo de la Gándara (Cantabria), Tabuyo del Monte (León), Paredes de Abaixo (Lugo).

Monte da Laje en Valença do Minho, Portugal (Silva e Cunha, 1986), asociado, entre outros temas, a duas espadas de folla plana, ou, seguramente, o ainda non localizado de Coto dos Mouros en Oia, Pontevedra, referenciado por Anati (1968: 57), aquí asociado ás únicas figuras de machados planos de todo o ámbito dos gravados galaicos. Estes últimos exemplos, especialmente os de Valença e Buriz, co seu deseño vagamente absidal e segmentación interna, teñen bos paralelos nas pinturas rupestres de Fresnedo en Asturias (Mallo e Pérez 1971) e, no seu conxunto, evocan representacións gravadas en sepulturas megalíticas (Fábregas e Penedo 1994: 12) e mesmo algunha peza escultórica como a de Paredes de Abaixo (Paradela, Lugo), aparecida de xeito casual xunto a unha mámoa (Vázquez Seijas 1944).

As referenciais que vimos de manexar sérvenos para plantear a cuestión da lectura formal dese elenco de figuras gravadas ou pintadas, que se espalla polo Norte e Noroeste peninsulares e que adoita definirse como de tipo Peña Tú. Unha

ampla tradición investigadora identifica estes motivos como antropomorfos, algo que semella claro no exemplo epónimo. Abondando nesa interpretación, P. Bueno (1992: 588) propón que as ditas figuracíons serían unha versión septentrional das coñecidas placas alentejanas, para as que propón unha cronoloxía plenamente neolítica, que outros autores revisan á baixa, cara a transición IV-III milenio AC (Gonçalves 2001: 194). Nun recente traballo encol dos exemplares de Tabuyo e Peña Tú, M.A. de Blas (2003: 412) torna a incidir no carácter antropomorfo destas manifestacíons rupestres, nomeadamente individuos poderosos (¿ainda vivos ou xa falecidos?), acompañados de atributos propios do guerreiro.

Polo que á cronoloxía do motivo de Basoñas respecta, non estando éste asociado (como acontece no de Outeiro do Corno) a armas metálicas, non podemos ser tan precisos como quixéramos e se, por unha banda, os referentes más característicos deste grupo apuntan cara ao III milenio *grosso modo*, non debemos esquecer a posibilidade de que estas figuracíons respoden a unha tradición que se remonte cando menos ao Neolítico final.

BIBLIOGRAFÍA

- AGRAFOXO PÉREZ, X., 1986. *Prehistoria e Arqueoloxía da Terra da Barbanza*. Noia. Ed. Concello de Noia.
- ANATI, E., 1968: *Arte rupestre nelle regioni occidentali della Penisola Iberica*. Capo di Ponte.
- BLAS CORTINA, M.A. de, 2003: Estelas con armas: arte rupestre y paleometalurgia en el norte de la Península Ibérica. *Primer Symposium Internacional de Arte Prehistórico de Ribadesella. El arte prehistórico desde los inicios del siglo XXI*. Ribadesella, pp. 391-417.
- BOUZA BREY, F. e LÓPEZ CUEVILLAS, F., 1927-1928: *Prehistoria e Folklore da Barbanza*. Nós, Nº47-52.
- BUENO RAMÍREZ, P., 1992: Les plaques décorées alentejaines:approche de leur étude et analyse. *L'Anthropologie*, t.96,nº2-3., pp.573-604.
- CONCHEIRO COELLO, A. e GIL AGRA, D., 1994. Una nueva zona de Arte Rupestre al aire libre en el NW : La Península de Barbanza. *Espacio, Tiempo y Forma*, I, 7, pp. 127-144.
- COSTAS GOVERNA, F.J., FÁBREGAS VALCARCE, R.. GUITIÁN CASTROMIL, J., GUITIÁN RIVERA, X. e PEÑA SANTOS, A. de la, 2006. Panorámica sobre el arte y el paisaje. El final de la ilusión (réplica a Manuel Santos Estévez). *Arqueoweb*, 8.1. (http://www.ucm.es/info/arqueoweb/numero8_1/conjunto8_1.htm)
- FÁBREGAS VALCARCE, R., 2001. *Los petroglifos y su contexto. Un ejemplo de la Galicia meridional*. Instituto de Estudios Vigueses, Vigo
- FÁBREGAS VALCARCE, R. e Penedo Romero, R., 1994: Petroglifos e arte das cistas do Noroeste. *Trebaruna*, 3, Castelo Branco, pp. 5-21.
- FÁBREGAS VALCARCE, R. e Ruiz-Gálvez Priego, M., 1997. El Noroeste de la Península Ibérica en el III^{er} y II^o Milenios: Propuestas para una síntesis. *Homenaje a la prof. M. Gil Mascarell*, vol. II. *Saguntum*, 30, pp. 191-216.
- FÁBREGAS VALCARCE, R. GUITIÁN CASTROMIL, J., GUITIÁN RIVERA, J. e PEÑA SANTOS, A., 2004. Petroglifo galaico con una representación de tipo Peña Tú. *Zephyrus*, LVII, pp. 183-193.
- GONÇALVES, V.S., 2001: A anta 2 da Herdade de Santa Margarida (Reguengos de Monsaraz). *Revista Portuguesa de Arqueología*, 4.2, Lisboa, pp. 115-206.
- GUITIÁN CASTROMIL, J. e GUITIÁN RIVERA, X., 2001. *Arte Rupestre do Barbanza*. Noia. Ed. Toxosoutos
- MALLO VIESCA, M. e PÉREZ PÉREZ, M., 1971: Pinturas rupestres esquemáticas en Fresnedo. Teverga (Asturias). *Zephyrus*, XXI-XXII. Salamanca, pp.105-141.
- MARIÑO DEL RÍO, M., 2000. *Os petroglifos de Porto do Son*. Porto do Son. Ed. Concello de Porto do Son
- PEÑA SANTOS, A.de la e REY GARCÍA, J.M., 2001: *Petroglifos de Galicia*. A Coruña, Ed. Vía Láctea,
- SILVA, E.J. LOPES DA e CUNHA, A.M^a. CAMEIRÃO LEITE DA, 1986: As gravuras rupestres de Monte da Laje (Valença). *Arqueología*, 13. Porto, pp. 143-158.
- VÁZQUEZ SEIJAS,M., 1944:Una curiosa placa-ídolo en piedra granítica. *Boletín de la Real Academia Gallega*, 22, A Coruña, pp. 281-283.
- VILAS, F., SOPEÑA, A., REY, L., RAMOS, A., NOMBELA, M. e ARCHE, A., 1991. The Corrubedo beach-lagoon complex, Galicia, Spain: Dynamics, sediments and recent evolution of a mesotidal coastal embayment. *Marine Geology*, 97, pp. 391-404.